

Poeta en tránsito

Vicente Araguas

Viaxar pola poesía e Ramón Neto (Illa de Arousa, 1975), implica que o viaxeiro estea disposto a encher a súa valixa de prendas para todas as estacións. Porque, dígase xa, este é un poeta total, áspero, duro, cun aquel de mineral mais tamén de xelo, para refrescar unhas situacións frías (que non fríxidas) de seu, e que outorgan poucas facilidades ao lector. Así e todo personaxe activo, tal como prevé Neto, e intelixente como para enlearse nas maneiras cheas de talento deste autor xa dunha certa obra, que agora se nos mostra con este *Zonas de tránsito* (Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2015), XXVII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón. Un premio, xa se ve, que atura ben o paso do tempo, por mor -sobre todo- da teimosía do Concello de Dodro. E teimoso é Ramón Neto coa súa poética, concebida contra vento e maré, levada adiante malia a frouxeira dos tempos que corren (tamén para os versos). Os de Ramón Neto, por máis que a primeira sección deste libro veña en prosa (poética, lástima fora), para dar paso despois ao verso, libre, e aínda libérrimo, mais tamén ao versículo. Sendo así que a viaxe, interior e exterior de Ramón Neto, co seu aquel -tamén- de espaciamento onírico, atopa (e o título non engana) zonas de tránsito para que os viaxeiros transitivos encontren acougo, ben que no caso deste libro os tiros van por outras latitudes.

Acontece, igualmente, que os poetas dos que se nutre Neto veñen tocados igualmente polo don da "incomodidade", por ese desacougo vital que plasmaran nas súas poéticas Paul Celan ou Hölderlin. E invocacións ao momento REM, que lonxe aquí de convocar a certo grupo pop de éxito efémero ocúpase máis ben da "polución nocturna" ou -máis perto aínda do significante- do "movemento dos globos oculares": "alguén enchufou ás túas costas/ un radiador de calcomanías/ unha cubertería de goma", etc. Estamos, pois, diante dun libro que ten un aquel de desafío, de irracionalidade resolvida con precisión metafísica. Un viaxar por algures e aínda ningures nun libro que se move entre o crebacabezas e o manual matemático. Unha maneira de poetizar que semella marcar os tempos novos, con moito de épica e certo xeito lírico. Un punto de inflexión nunha sentimentalidade que alá semella marchar polo río abaixo.

Non sei se o Neckar, o doce Neckar que dicía os retóricos, que eu miraba en Heidelberg, nun bar coa inevitable fotografía de Hemingway, quen inevitablemente tamén por alí andivera, mais que aquí flúe por Tübingen, que é onde Ramón Neto clausura o seu libro. Cun poema titulado, precisamente, "Vista do Neckar desde unha fiestra (calquera)". E curiosamente é aquí onde xorde o Neto máis circunstancial, nesa "kitchenette do corazón" que vale por todo un mundo cotián.